

PROPOSTA DE MEDIACION PARA O CONVENIO DO METAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

- a) **Vixencia:** Establécese unha vixencia do Convenio Colectivo (artigo 2) de tres anos (2009, 2010 e 2011).
- b) **Incremento salarial:** O incremento salarial para o ano 2009 será do IPC do ano 2008 máis 1,10 (2,5) Para o ano 2010 será o IPC do ano 2009 máis 1,5; e para o ano 2011 o IPC do ano 2010 máis 1,25. No suposto de que o IPC fose negativo, non se aplicaríase desconto en ningún ano. Rematado o último ano de vixencia do convenio, aplicaríase cláusula de revisión salarial nos termos previstos no convenio actual.
- c) **Xornada:** Dase unha nova redacción o artigo 28, relativo a "xornada de traballo", fusionándose este co artigo 31, relativo ás "vacacións", e co artigo 30, relativo a "calendario laboral e horario de traballo". En calquera caso inclúese na redacción do artigo relativo un párrafo que recolla que "os excesos de xornada como días de exclusivo dereito obrigatorio para o traballador terán que disfrutarse antes do 15 de xaneiro do ano seguinte. Estes días se disfrutarán polos traballadores conforme ó acordo colectivo de calendario de empresa que os establezcan. No caso de non existir calendario pactado colectivamente traballador e empresa establecerán as datas de disfrute mediante acordo individual, comunicando o traballador a súa intención de disfrutar o/s día/as cunha antelación mínima de 15 días naturais. O disfrute destes días soamente poderá ser denegado por causa de forza maior ou productiva debidamente xustificadas e verificables, ou cando as solicitudes superen o 15% da plantilla en activo da empresa; no caso de empresa de ata 10 traballadores, o límite será de 1 traballador.
- d) **Contratación:** As partes acordan que, no prazo de 45 días a contar dende a data da sinatura do preacordo, tratarán a cuestión referente a contratación no subsector naval no seo da Comisión de Seguimento da Axencia da Bolsa de Emprego (ABE).